

VI TORNEO DE XADREZ VAL MIÑOR



ORGANIZA: Club de Xadrez Laroca

COLABORAN:



DATAS: 15 e 16 de Agosto de 2025.

SISTEMA: Suizo a 6 roldas.

RITMO DE XOGO: 60' + 30'' por xogada, **valedoiro para ELO FIDE**.

LOCAL DE XOGO: Auditorio Municipal de Nigrán – Praza da Constitución s/n – Nigrán (Ó carón do Concello).

HORARIOS: Presentación: Venres 15 de Agosto ás **09:45 h.** O xogador que non estea a esa hora na sala de xogo non será emparellado na primeira rolda.

1ª Rolda: Venres 15 de Agosto ás 10:00 h.

2ª Rolda: Venres 15 de Agosto ás 15:00 h.

3ª Rolda: Venres 15 de Agosto ás 18:00 h.

4ª Rolda: Sábado 16 de Agosto ás 10:00 h.

5ª Rolda: Sábado 16 de Agosto ás 15:00 h.

6ª Rolda: Sábado 16 de Agosto ás 18:00 h.

Entrega de premios: 21:00 h.

PREMIOS: Trofeo para o/a Primeiro/a clasificado/a.

Trofeo para o/a Segundo/a clasificado/a.

Trofeo para o/a Terceiro/a clasificado/a.

Trofeo ó/a mellor xogador/a Sub-1800 Elo Fide / Sen Elo Fide.

Trofeo ó/a mellor xogador/a Sub-1600 Elo Fide / Sen Elo Fide.

Trofeo ó/a mellor xogador/a Sub-16 (Optan os nados nos anos 2009 e 2010).

Trofeo ó/a mellor xogador/a Sub-14 (Optan os nados nos anos 2012 e 2011).

Trofeo ó/a mellor xogador/a Sub-12 (Optan os nados nos anos 2014 e 2013).

Trofeo ó/a mellor xogador/a Sub-10 (Optan os nados nos anos 2015 e posteriores).

Non son acumulables, repartiranse pola orde na que están reflexados nestas bases e o/a xogador/a deberá estar presente na entrega de premios.

INSCRICIÓN: Cuota de inscrición xeral: **10 €**. Inclúen os costes das taxas FIDE.

Cuota de inscrición ós xogadores socios do Club de Xadrez Laroca: Gratuita.

Límite de inscrición ata o Xoves 14 de Agosto ás 14:00 h. ou ata chegar ós **101 xogadores**, admitidos por rigurosa orde de inscrición.

Inscricións na web <http://www.xadrezlaroca.gal>.

DESEMPATES: 1º Encontro directo 2º Bucholz(-1) 3º Sonneborg-Berger 4º Máis emparellado 5º Bucholz 6º Progresivo 7º Sorteo.

BASES

- O torneo está **reservado para xogadores cun ELO menor de 2400**, e deberán estar federados na temporada 2025. Os xogadores con bandeira distinta á española sen Código FIDE serán admitidos só cando obteñan dito código na súa Federación.
- O torneo realizarase mediante o programa informático VEGA. Os seus emparellamentos non poderán ser discutidos salvo erro na introducción dos resultados.
- O tempo de espera será de **30'**, transcorrido ese tempo, se un xogador non se presenta ante o taboleiro, perderá a partida.
- Haberá **1 BYE de ½ punto** a disposición dos xogadores, que poderá utilizarse só nas **catro primeiras roldas**. Concederase só por causa xustificada e sempre que se teña aboada a inscrición. A organización poderá conceder outros BYES de 0 puntos.
- Para o non contemplado nestas bases, atenderanse as Leis do Xadrez da FIDE.
- A participación neste torneo supón a aceptación destas bases, sen esquecer que a finalidade do mesmo é proporcionar un ambiente de cordialidade entre xente cunha afición común.

ACEPTACIÓN: OS PARTICIPANTES NO TORNEO AUTORIZAN Á PUBLICACIÓN DOS SEUS DATOS PERSOAIS E IMAXES RELACIONADAS CO TORNEO, NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN QUE A ORGANIZACIÓN CONSIDERE OPORTUNOS, COA ÚNICA FINALIDADE DE DAR A ADECUADA DIFUSIÓN DO TORNEO.